



LETRAS NA ALMADRABA



“BROCHAZOS” DE ANTÓN VILLAR PONTE [Tradución para galego: E.X.I.]

Trañías na praia de Covas-Viveiro

ANTÓN VILLAR PONTE

*Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936) é, sen lugar a dúbidas, unha das figuras fundamentais da cultura, da política e do xornalismo galegos de comezos do século XX. Fundador das Irmandades da Fala, traballou incansabelmente ao longo da súa vida na difusión do ideario nacionalista, dando conferencias, dirixindo **A Nosa Terra**, colaborando en múltiples xornais e revistas, actuando como deputado nas Cortes da 2ª República e volcándose tamén no desenvolvemento da nosa literatura, nomeadamente da teatral.*

*Neste campo, ademais de exercer como crítico e actor, foi tradutor para o galego de pezas de Strindberg, Shakespeare, Molière, Aristófanes e William B. Yeats. A súa obra orixinal está composta por títulos como **A patria do labrego** (1905), **Entre dous abismos** (estr. 1919), **Almas mortas** (1922), **O Mariscal** (escrito en colaboración con Cabanillas e editado en 1926), **A probiña que está xorda** (estr. en 1926 e baseada nun poema de Rosalía), **Os evanxeos da risa absoluta** (1934), **Nouturnio de medo e morte** (1935) e **A festa da malla** (feita en 1935, mais inédita ata 1997). Villar Ponte deixou inacabadas, cando menos, dúas pezas máis, de corte histórico: **Os mártires** (sobre a revolución de 1846) e **Os camiños innumerábeis** (sobre o mártir liberal Porlier).*

*Durante a súa mocidade nas terras viveiresas actuou nas fileiras do republicanismo federal e frecuentou con poemas, artigos xornalísticos e narracións as páxinas de numerosas revistas literarias. O relato que aquí reproducimos, de clara xinea estilística modernista, foi publicado orixinalmente escrito en español na sección "Prosa y Verso" da coruñesa **Revista Gallega**, que dirixía o escritor Galo Salinas, concretamente nos números 377 e 378, que corresponden aos días 8 e 15 de Xuño de 1902, respectivamente.*

Brochazos

O Tío Ambrosio, pescador valeroso dun ignorado recanto da costa Cantábrica, reuniu o consello de familia; e este, composto por el e pola súa esposa, unha muller chuchada a forza de privacións e traballos, acordou que Andresiño, o máis vello dos seus cinco fillos, que apenas contaba dez anos, deixase os corriqueos ociosos pola praia, os barquiños de cortiza e as cunchas nacaradas, para acompañar a seu pai nas inclementes faenas da pesca ruda.

E así foi. O acordo resultou ineludíbel. Unha espléndida mañá en que o sol iluminaba todo co seu baño de ouro vivo, reflectindo nas augas do mar

trementes relampos da súa luz ardente, embarcaron pai e fillo, na compañía dos seus camaradas, nun escangallado bote que randeaba mansamente ao brando pulo dos inquedos salseiros que chapoteaban sen tregua nos seus costados mouros, alcatranados.

A humilde ribeira, chea de abruptos cons e embarcacións de pesca, presentaba moi leda e animada perspectiva repleta de rústica e primitiva poesía.

Alí, baixo a sutil choiva da abraiante luz do astro do día, realizaban preparativos para a saída na procura do necesario sustento os habitantes inxeis das casoupas





escanastradas que, en pelotón informe, como se tivesen vergoña da súa humildade, erguíanse arriba, na cuíña agreste.

Uns estendían, cantando, as embreadas redes de penouco en penouco; outros armaban os remos, ao son de gargalladas robustas; algúns izaban as brancas velas, deixando escoitar o salomar fermoso, e todos, en fin, movíanse nas súas faenas contribuíndo coa súa parte de amenidade a aquel concerto formado de virís voces que ordenan e de mil mesturados rumores, en cuxo conxunto, subliñado polo insistente chíío das gai-votas, á par que o oído recreábase tamén a vista diante das camisas de baeta, vermellas e amarelas na súa maioría, que o mar reflite, e diante dos venerábeis rostros de intrépidos ‘lobos’ que recordan os apóstolos místicos do Evanxeo cristián.

... Seguía a escintilar o sol nas ondulacións suaves das augas salitrosas.

Ollando cara fóra, o mar dilatado semellaba unha placa de azul profundo sobre a que estivesen pousadas innumerábeis pombas de immaculada brancura.



“Traíño” empregados na costeira da sardiña. Celeiro, comezos s. XX

A mesma cor ofrecía o ceo.

Na diafanidade da atmosfera, lixeiramente axitada, pululaban invisíbeis efluvios do iodo das plantas mariñas en íntimo consorcio cos da brea sa, que, en ás da fresca brisa, chegaban aos abrasados pulmóns como caricia sutil e vigorosa.

Para completar este cadro tan suxerente e atraínte, cheo de cor e vida, algunhas mulleres, arremangadas as súas roupas até os xeonllos e cos brazos espidos, metíanse no comezo do mar que lambía amorosamente a area co gallo de recoller para adubo as algas verdégaias alí depositadas.

Só unha muller permanecía inactiva na praia, sen traballar en semellante faena. Era a mai de Andresiño

que, de pé sobre unha pequena rocha próxima á embarcación da casa, quería presenciar a primeira saída do seu rapaz na procura do pan de cada día.

Na súa faciana, morena e escuálida, estaba impresa certa expresión de fonda anguria que acentuaba até o infinito unha sequidade descorazonante na comisura dos labios posta. Parecía unha estatua da dor levantada polos fillos do mar en consagración aos seus sacrificios.

Contemplaba ao seu fillo da alma, ao seu mariñeiro querido, que a bordo do pobre bote axudaba aos compañeiros de oficio no arranxo do aparello e demais utensilios pesqueiros.

Parecía un homiño... ¡Que fermoso estaba !

E chamouno: non puido por menos. E Andresiño saltou a terra, lixeiro coma un gamo, denotando no seu rostro fazuleiro e colorado un pequeno ar de satisfacción e orgullo porque no sucesivo sería considerado coma un home, toda vez que empezaba a gañar un xornal.

- ¿ Que queres, mai ?...

Ela encolleu os ombreiros, ollándoo garimosamente; non soubo qué contestar. ¿Que lle ía querer? Nada; comelo a bicos, estalada por un presentimento negro que o seu cariño lle forxaba. Tan pequeno e xa ter que se arriscar... ¡ Ouh, a mar é tan má ! Se non fose a maldita necesidade...

E, entanto facía estas consideracións tristes, estreitou ao seu precoz mariñeiro entre os seus prácidos brazos, formando unha e outro encantador grupo, que o mar, ciumento de tanta ternura, reflectiu no ondulante espello das súas augas, quebrándoo, como se cara el sentise animosidade marcada.

O Tío Ambrosio desde a barca, na popa da cal estaba situado presenciando as tarefas da xente ás súas ordes, ollaba aquela tenra e dolorosa escena, fusco, de esguello, estereotipando na súa traza, bronceada e opresa entre brancas barbas, acenos de visíbel desasosego, mentres roía maquinalmente a súa orixinal cachimba.

- Ei, Andresiño, ¡ imos ! que quero ser o primeiro en zarpar -, roñou, por fin, non se podendo conter, coa súa voz augardentosa.



Viveiro, 1956. Foto Ramón Dimas

- ¡ Vou ! ¡ vou !... – repuxo axiña o neno coa súa vocifera de anxo aínda non alterada polas zoupas do amílico.- E desasíndose con suma presteza das mans da súa nai, que acariñaban a súa enguedellada cabeleira loira, saltou con rapidez asombrosa na barca, que se movía suavemente a impulsos da auga, como se en realidade desexase abandonar o porto.

- Xa estamos todos, ¿ n' é verdade? - dixo entón o tío Ambrosio botando unha olladela á xente de a bordo -. E axiña, tomando a cana do temón engadiu.- Pois mans aos remos e en marcha... ¡ Ea !

Con efecto, obedientes á orde dada comezaron a vogar, con uniformidade monótona, os seis camaradas encargados diso, e a barca emprendeu a súa marcha, pouco a pouco, maxestosamente, deixando ao seu paso un branco ronsel sobre as augas cortadas.

Mentres, Andresiño axitaba a súa manciña dereita mandándolle á súa nai un adeus garimoso, e o sol coas súas saetas de lume fería as molladas palmas dos remos, facéndoas flamexar arreo.

A esposa do tío Ambrosio coa man na fronte para tornar dos seus ollos a potente luz daquel vivificante astro, seguía extática a embarcación das súas ansias, que cada vez empequeneceía un pouco máis, até chegar a parecer unha casca de noz, sobre a acuosa chaira. Por fin, cando se perdeu tan inseguro depósito de ana-

cos da súa alma na azul lonxanía, tomou a pobre nai o regreso para a súa humilde chouza, sentindo no máis fondo do seu corazón aflixido a dor inaudita dunha soledade amarga, moito máis amarga que a mesma salsa do océano sen entrañas.

O cantábrico, bastante tranquilo durante a mañá, encrespouse moito á tarde. Apelotonáronse alá arriba, na infinitude do ceo, as nubes grisáceas e desfiachadas que moi logo baixaron, cubrindo o sol, ennegrecendo o horizonte e desafiando o mar.

Desencadenouse finalmente a tempestade baixo unha bóveda de chumbo chea de manchas mouras.

O desarmado bote do tío Ambrosio comezou a bailotear rapidamente, a cabecear sen tregua... até chegou a renxer, como se un monstro ciclópeo oprimise cos seus malignos tentáculos as súas desgastadas costelas.

Recolleuse a rede a toda présa; axiña se recolleu a vela, branca como unha esperanza risoña; intentouse fuxir logo, poñerse a salvo...

Imposíbel. Unha faena de media hora, tola, ininterrumpida, entre frases de ansia e palabras de desespero non abundou para conseguilo.

O mar axitábase dun xeito sinistro formando insuperábeis montañas a impulsos do forte vento que ruxía furioso.

A loita dos homes por vencer o mar e gañar a praia era titánica, selvaxe, suprema...; os seus rostros, conxestionados polo terror e o esforzo, chorreaban suor fría. Aqueles veteranos pescadores, xulgándose xa perdidos, gardaban un tráxico silencio. O neno choraba, pensando na súa nai. Só as xigantescas ondas, co seu rumor infernal, entoaban o himno grandioso da omnipotencia infinita.

Finalmente, o agardado: un grande golpe de auga, cunha labazada soberbia deu media volta ao bote, e todo o mundo á auga, todo o mundo ao fondo do sepulcro incomensurábel.

Na páxina pizarrosa das augas iradas escribiu o destino, con trazos de branca espuma, unha nova estrofa do eterno poema dos fillos do mar, unha nova estrofa das vítimas novas daqueles anónimos heroes do traballo rudo, vencidos na perigosa loita polo pan de cada día...